



|                  |  |                 |
|------------------|--|-----------------|
| NOTA<br>INTERIOR | PORTOS DE GALICIA                              |                 |
|                  | Nº: 39/13                                      | DATA: 9/04/2013 |
|                  | DE: Sª Xª- ASESORIA XURIDICA                   |                 |
|                  | A: XEFA DA AREA DE EXPLOTACION E PLANIFICACION |                 |

**ASUNTO: REMISIÓN CERTIFICADOS DO CONSELLO DE ADMINISTRACION CELEBRADO O 21 DE MARZO DE 2013**

Xunto coa presente remítense certificados do consello de administración de Portos de Galicia celebrado o pasado 21 de marzo de 2013 en relación aos seguintes acordos adoptados:

- Aprobación do documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Ares
- Aprobación dos pregos concesionais xerais en función do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Puertos del Estado y la Marina Mercante.
- Aprobación dos pregos concesionais de lonxas en función do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Puertos del Estado y la Marina Mercante.
- Instrucción do Consello de Administración sobre a xestión do servizo por contrato de xestión indirecta xunto coas correspondentes tarifas de servizo e a contraprestación á aboar ao contratista, todo elo de acordo co balance de explotación do servizo.
- Aprobación da orde dos prezos privados da publicación da Guía Básica de servizos náuticos de Galicia ”.

O Xefe da Sª Xª.-Asesoría Xurídica

Manuel Bautís Cheda





Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

### CERTIFICA:

Que o día 21 de marzo de 2013 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou entre outros, o seguinte acordo:

Por unanimidade dos asistentes presentes no intre da votación, e vistas as delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación da Instrucción do Consello de Administración sobre: "Aprobación da orde dos prezos privados da publicación da Guía Básica de servizos náuticos de Galicia".

O que se fai constar co visto e prace do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a vinte e dous de setembro de dous mil once, dacordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.

Vº E PRACE

O PRESIDENTE,

José Juan Durán Hermida



O SECRETARIO,





## ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PREZOS PRIVADOS PARA A EDICIÓN DA GUIA BÁSICA DE SERVIZOS DAS INSTALACIÓNS NAUTICO RECREATIVAS DE GALICIA

A Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala que os prezos privados fixaranse polas Consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e que posteriormente deberán ser publicados no Diario Oficial de Galicia.

O ente público Portos de Galicia ven de editar un pequeno folleto orientativo para poder coñecer a costa, navegar por ela é un primeiro paso para protexela e potenciar os seus valores ecolóxicos, e sociais.

Nese ámbito están os portos porque entendemos a política portuaria como parte da política ambiental, económica e social. Esta publicación é unha ferramenta máis para que os navegantes que surcan os nosos mares saiban encontrarnos e alcanzar os nosos portos.

De xeito conciso e gráfico a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través de Portos de Galicia e das Autoridades Portuarias, poñen a disposición do usuario das instalacións náutico recreativas un elemento máis que facilite información sobre as nosas dársenas. É a primeira vez que Portos de Galicia publica unha guía destas características que vai destinada a todos os que queren disfrutar da costa galega.

A Consellería do Medio Rural e do Mar pretende, a través desta guía, ir máis alá das cartas náuticas convencionais e ofrecer un valor engadido: o que nos ofrece o porto ao que nos diriximos o servizo que precisamos, as posibilidades da nosa costa a todos aqueles que estean dispostos a gozar dela, ao tempo que se facilita unha información sinxela e útil. Pretendese que esta guía sexa unha ferramenta práctica e útil para os navegantes, tanto profesionais como para aqueles que están a iniciarse na náutica ou en algunha especialidade deportiva relacionada co mar.

É difícil concentrar en case un centenar de páxinas as posibilidades dos máis de 1.700 quilómetros da costa galega neste caso de caseque corenta instalacións náutico recreativas, pero ahí está e así vos la queremos presentar.

Unha guía práctica que se distriburá en galego, castelán e inglés, nun papel especial que soporta a auga sen afectarlle ás súas características.

Sen embargo, e a pesar de que esta publicación presta un servizo claro e cómodo ós usuarios, ten un custo para Portos de Galicia que cos medios actuais non se pode reflectir na facturación. Cos antecedentes expostos, acométese a tarefa de redactar a memoria económica anexas na que se inclúen os custos de cada unidade.

En virtude das competencias conferida polo artigo 7.3.d) da Lei de creación do ente público Portos de Galicia, sometese a consideración do Consello de Administración de Portos de Galicia o borrador de ORDE pala que se fixe o





prezo de venda ó público da versión impresa en formato papel especial **GUIA BÁSICA DE SERVIZOS DAS INSTALACIÓNS NAUTICO RECREATIVAS DE GALICIA** acompañada da correspondente memoria económica, para a súa aprobación se procede, quedando supeditada dita aprobación á obtención do informe favorable da Consellería de Facenda en base o artigo 51 da Lei 6/2003 de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela,  
 O director

Jose Ignacio Villar García

**MEMORIA ECONÓMICA PREZOS PRIVADOS DA GUIA BÁSICA DE SERVIZOS DAS INSTALACIÓNS NAUTICO RECREATIVAS DE GALICIA**

Os prezos unitarios están calculados atendendo ás condicións e circunstancias do mercado. O prezos indicados son en base impositivo.

- Ud. da **GUIA BÁSICA DE SERVIZOS DAS INSTALACIÓNS NAUTICO RECREATIVAS DE GALICIA**

Prezo por unidade..... 7 euros IVE engadido

**PREVISIÓN INGRESOS:**

Segundo a previsión de subministro de publicacións

- 500 exemplares da Guía en Galego/Castelán..... 500 por 7 € = 3.500 €
- 1500 exemplares da guía en Inglés/castelán..... 1500 por 7 € = 10.500 €
- 500 exemplares da Guía en Inglés/francés..... 500 por 7 € = 3.500 €

Total.....17.500 €

